| 1. IDENTIFICACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Título da UD** | «Aí vai a derradeira!». | | | | |
| **Etapa** | EDUCACIÓN PRIMARIA. | **Área** | Educación artística (Educación Musical). | **Nivel** | 5º |
| **Mestres** | Educación Musical. Educación Plástica. Lingua Galega e Literatura. | | | | |
| **Centro de interese** | «San Xoán». | **Proxecto** | Festival Fin de Curso. | | |
| **Descrición** | | | | | |
| Nesta unidade o alumnado organizará un festival no que interpretarán unha peza das aprendidas ao longo do curso. Polo tanto, a maior parte dos elementos desta UDI resultan da conxunción dos propios das oito anteriores, feito polo que non se repetirán nos apartados correspondentes ocupados, só, polos novos. Deste xeito o seu plantexamento é similar á da UDI 4., se ben nesta ocasión incluiremos á materia de Educación Plástica para a elaboración dos programas de man. | | | | | |
| **Xustificación** | | | | | |
| Baseándonos nos Ciclos Anuais trataremos nesta unidade os cantos de san Xoán. | | | | | |
| **Contexto** | | | | | |
| O proxecto no que se integra esta Unidade Didáctica xunto coas anteriores consiste na celebración dun festival no que cada grupo interpretará unha ou dúas pezas do repertorio adquirido ao longo do curso. De aí que os contidos estean relacionados e sexan impartidos en espiral. | | | | | |

| 2. CONCRECIÓN CURRICULAR | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Comptn.** |
| **EDUCACIÓN MUSICAL** | | | | |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| ▪ j<br>▪ a | ▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas | ▪ B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.<br>▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais. | compositores diversos e recoñecer as diferenzas e/ou relacións entre elas/eles, facendo unha valoración posterior. | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, impresións sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e compañeiras. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EMB1.1.4. Coñece, entende, observa e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ CSC |
| ▪ j | ▪ B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br>▪ B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. | ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | ▪ CCEC |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. | ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | ▪ CCEC |
| BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións | ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.<br>▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.<br>▪ B2.3. Gravación e rexistro da interpretación. | cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ |
| | | | ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. | ▪ CAA |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.7. Proxecto: concerto ou musical. | ▪ B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibida e placentera mostrando confianza nas propias posibilidades e nas dos demais, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais. | ▪ EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou manexados. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| **EDUCACIÓN PLÁSTICA** | | | | |
| BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ e | ▪ B2.2. Preparación de documentos propios da comunicación artística: carteis, programas e guías. | ▪ B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.). | ▪ EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ b | ▪ B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.<br>▪ B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación. | ▪ B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación. | ▪ EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ i<br>▪ j | ▪ B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados. | ▪ B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño. | ▪ EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| **LINGUA GALEGA E LITERATURA** | | | | |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.2. Comprensión de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social | ▪ B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes | ▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións | ▪ CCL<br>▪ CD |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ j<br>▪ o | (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia e na entrevista para obter información xeral, localizando informacións destacadas.<br>▪ B2.3. Comprensión de textos sinxelos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios). | variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes. | cotiás. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. | ▪ CC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. | ▪ B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. | ▪ LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e | ▪ B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | revisión como partes do proceso escritor. | | (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). | |
| | | | ▪ LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, esquemas, descricións e explicacións). | ▪ B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. | ▪ LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descricións, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.6. Uso das TIC, con certa autonomía, na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións. | ▪ B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións. | ▪ LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |

| ELEMENTOS TRANSVERSAIS | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comprensión lectora | Expresión oral e escrita | TIC | Educación audiovisual | Inclusión de persoas con discapacidade | Igualdade efectiva entre homes e mulleres | Desenvolvemento sostible e medio ambiente | Resolución de conflitos | Educación e seguridade viaria | Creatividade | Autonomía | Iniciativa | Traballo en equipo | Confianza en un mesmo | Sentido crítico | Educación para o lecer | Educación do consumidor |
| x | x | x | x | x | x | | x | | x | x | x | x | | x | | x |

CC BY SA

| **Tarefa**. Preparar unha obra musical para a súa interpretación no festival. | | |
|---|---|---|
| **1ª Sesión** | | |
| **Actividade[1]** | **Exercicio** | **Observacións** |
| ACP. Visualizar as gravacións das obras estudadas ao longo do curso. Escoller a que queren interpretar no festival. | Presentar opinións razoadas e lóxicas sobre o motivo da elección. | Para chegar á escolla podemos partir dunha votación, facelo por aclamación, por escrito anonimamente, etc. |
| AR. Montar a peza escollida. Segundo calendario escolar, é factible abordar a nova peza «Apaga o candil». | Lembrar a letra completa.<br>Cantar a melodía.<br>Repasar cada *ostinato* por separado.<br>Conxuntar a peza. | Coa letra escrita no encerado, recitala todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria. O proceso, idéntico ao realizado na UDI correspondente, efectuarase axiña.<br>Para repasar os *ostinatti* poden empregarse os ODE do curso. |
| ARF. Axudar o profesorado e o alumnado que saiba a súa parte aos que presenten dificultades. | Memorizar e interpretar a súa parte na execución instrumental. | En caso de ser preciso empregarase o ODE desa parte concreta como axuda (nese caso, atención ao tempo, xa que o marca o ODE). |
| AAV. Interpretar cada un a súa parte. | Interpretar a súa parte, tanto a só como en combinacións diversas. | Se é posible, e contando co permiso das familias, gravarase o ensaio. Empregaranse, a ser posible, diversos dispositivos gravadores. |
| AA. Preparar o programa de man para o concerto. | Coidar a linguaxe empregada.<br>Recoller a través das TIC datos de interese | O profesorado colgará un documento formatado en Google Drive, ao que o alumnado accederá coas súas |

[1] AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).

| | | |
|---|---|---|
| | sobre a obra a interpretar e a súa función nos ciclos anuais. | familias ou ben a partires dun cambio de clave para cada discente por parte do profesorado. É tamén factible realizalo no *blog* do centro. |

| **2ª Sesión** | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |
| AC. Interpretar a peza escollida todos xuntos. | Respectar os plan sonoros. | A idea de partir da peza completa ao principio e, despois, tocar as partes, vén dada pola actividade de avaliación, é dicir, que o profesorado observará os fallos e incidirá en maior medida nas partes que non estean perfectamente interpretadas. |
| AAV. Interpretar cada un a súa parte. | Interpretar a súa parte, tanto a só como en combinacións diversas. | Se é posible, e contando co permiso das familias, gravarase o ensaio. Empregaranse, a ser posible, diversos dispositivos gravadores. |
| AD. Explicar o profesorado os cantos de san Xoán e algúns propios do verán. | Atender á temática.<br>Recoñecer tipos de voces e instrumentos. | A actividade debería dividirse entre os sucesivos ensaios da peza escollida para o festival, de maneira que evite caer no tedio. |
| AA. Procurar informacións sobre manifestacións musicais de Galicia relacionadas coa labor e san Xoán, sexan populares ou de autor. | Realizar un listado de posibles fontes de información onde atopar datos sobre a música patrimonial. | Caso de resultar complexo proporcionarase ao alumnado unha guía. |

## 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

| ACTIVIDADES | MODELO DE PENSAMENTO[5] | MODELO ENSINO-APRENDIZAXE[4] | INTELIXENCIAS MÚLTIPLES[3] | AGRUPAMENTO[2] | RECURSOS DIDÁCTICOS | TMP. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ACP. Visualizar as gravacións das obras estudadas ao longo do trimestre. Escoller a que queren interpretar no festival. | Reflexivo.<br>Deliberativo. | Proxectivo. | Lingüístico-verbal.<br>Musical. | Grupo clase. | Vídeo.<br>Actividade de discusión. | 10’ |
| AR. Montar a peza escollida. | Aplicación.<br>Práctico. | Cognitivo-construtivo.<br>Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cenestésica.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 20’ |
| ARF. Axudar o profesorado e o alumnado que saiba a súa parte aos que presenten dificultades. | Aplicación.<br>Práctico. | Condutual-cognitivo. | Musical.<br>Corporal cenestésica.<br>Interpersoal. | Titoría entre pares.<br>Mentores. | Partituras.<br>Música mp3. | - |
| AAV. Interpretar cada un a súa parte. | Aplicación.<br>Práctico. | Persoal-individual.<br>Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cenestésica.<br>Intrapersoal. | Individual. | Partituras. | 15’ |

[2] Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.

[3] Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.

[4] Condutual-instrutivo. Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.

[5] Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AA. Preparar o programa de man para o concerto. | Investigación. | Lingüístico.<br>Persoal-Individual. | Lingüístico–verbal. | Individual. | Web/portal temático ou corporativo. | - |
| AC. Interpretar a peza escollida todos xuntos. | Práctico.<br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo.<br>Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cenestésica.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras.<br>Música mp3. | 15’ |
| AAV. Interpretar cada un a súa parte. | Aplicación.<br>Práctico. | Persoal-individual.<br>Social-cooperativo. | Musical.<br>Corporal cenestésica.<br>Intrapersoal. | Individual. | Partituras. | 15’ |
| AD. Explicar o profesorado os tipos de canto de labor e os de san Xoán. | Comprensión.<br>Sistémico.<br>Analógico. | Cognitivo-construtivo. | Musical. | Grupo clase. | Música.<br>Láminas.<br>Partituras.<br>Vídeos. | 15’ |
| AA. Procurar informacións sobre manifestacións musicais de Galicia relacionadas co verán, sexan populares ou de autor. | Práctico.<br>Aplicación. | Cognitivo-construtivo. | Musical.<br>Corporal cenestésica.<br>Intrapersoal.<br>Interpersoal. | Grupos.<br>Grupo de interese. | Partituras. | - |

cc BY SA

## 4. AVALIACIÓN

| Criterio de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Aspectos a observar para a avaliación | Competencias Clave | Instrumento de avaliación |
|---|---|---|---|---|
| ▪ B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Argumentos coherentes. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | Debate.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Léxico e expresión.<br>Coherencia dos argumentos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | Método de casos.<br>Debate.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. | Escoita atenta.<br>Respecto aos demais. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | Debate.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Comportamento axeitado como público e como intérprete.<br>Respecto aos demais. | ▪ CSC | Rexistro do profesorado. |
| ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir | ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | Recoñecemento dos elementos.<br>Reprodución exacta. | ▪ CCEC | Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | | | | |
| ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Observacións orixinais.<br>Control do ritmo.<br>Acompañamentos básicos.<br>Recoñecemento de textos, xéneros, tipos e instrumentos. | ▪ CCEC | Método de casos.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Respecto ás figuras, alturas e indicacións. | ▪ CCEC<br>▪ CAA | Proxectos.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | Asunción do seu rol no grupo.<br>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.<br>Interese por mellorar o resultado obtido. | ▪ CCEC<br>▪ CAA | Proxectos.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |

CC BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| resultado e propor accións de mellora. | ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. | Vocabulario técnico axeitado.<br>Interese por mellorar o resultado obtido.<br>Actitude construtiva.<br>Concreción nas apreciacións. | ▪ CAA | Método de casos.<br>Proxectos.<br>Debate.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| ▪ B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibida e placentera mostrando confianza nas propias posibilidades e nas dos demais, mostrando actitudes de respecto ecolaboración cos demais. | ▪ EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou manexados | Interese por mellorar o resultado obtido.<br>Entrada e final. | ▪ CCEC<br>▪ CAA | Debate.<br>Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |
| | ▪ EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo | Actitude construtiva.<br>Interese por mellorar o resultado obtido. | ▪ CSC | Debate.<br>Rexistro do profesorado. |
| | ▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura, | Asunción do seu rol no grupo.<br>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.<br>Interese por mellorar o resultado obtido. | ▪ CCEC<br>▪ CAA | Rexistro do profesorado.<br>Rúbricas. |

CC BY SA

| RÚBRICA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Indicadores** | | | | **Comp. clave** |
| | | **A** | **B** | **C (mínimo)** | **D** | |
| ▪ B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Expresa, empregando unha linguaxe técnica precisa, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Expresa, empregando unha linguaxe técnica aproximada, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical e as xustifica convincentemente. | Expresa apreciacións sobre o feito artístico musical, sen xustificalas de xeito convincente. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Expresa cunha linguaxe precisa as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical, xustificando o porqué de xeito coherente e razoado. | Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical, xustificando o porqué. | Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Entende que unha peza musical lle provoque certa reacción, sen situar o porqué diste feito. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos | Segue as intervencións e valora as opinións | Segue as intervencións, atende ás achegas | Segue a quenda de intervencións e atende por igual a | Escoita as participacións dos demais membros | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | compañeiros e das compañeiras. | dos demais membros do grupo, sendo quen de sinalar pros e contras nelas. | do resto do grupo, amosando unha actitude de respecto. | todos os membros do grupo. | do grupo. | |
| | ▪ EMB1.1.4 Coñece, entende, observa e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ Respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais desempeñando calquera rol e mostra unha actitude de exemplo cara aos demais. | ▪ Coñece, entende, observa e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, como público e intérprete. | ▪ Coñece, entende, observa e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ Coñece, pero non respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ CSC |
| ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados, os integra nas súas producións basicamente e refírese a eles de xeito preciso. | Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados e os integra nas súas producións basicamente. | Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | Identifica algúns e emprega de xeito aproximado os elementos da linguaxe musical traballados. | ▪ CCEC |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | Recoñece auditivamente as características propias dos cantos do Ciclo de San Xoán e canta algún de xeito preciso, con desinhibición e alegría. | Recoñece auditivamente as características propias dos cantos do Ciclo de San Xoán e canta algún de xeito aproximado. | Recoñece auditivamente as características propias dos cantos do Ciclo de San Xoán. | Recoñece auditivamente e pola temática os cantos do Ciclo de San Xoán. | ▪ CCEC |
| ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. | Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando. | Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión. | Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente. | Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas | Interpreta a súa parte vixiando | Asume o rol que lle corresponde na | Interpreta o seu papel na | Participa con interese na | ▪ CCEC |

CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global.<br>Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música. | interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución.<br>Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada. | interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo.<br>Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados. | interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto.<br>Canta con letra nunha afinación aproximada. | ▪ CAA |
| | ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. | Sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección. | Sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección. | Sinala os erros cometidos de xeito aproximado. | Aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso. | ▪ CAA |
| ▪ B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibida e placentera mostrando confianza nas | ▪ EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados | Crea pezas musicais partindo de elementos previos, combinados e organizados en base a criterios propios ou a consignas musicais | Crea pezas musicais partindo de elementos previos, combinados e organizados en base a criterios propios ou a consignas musicais | Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou | Crea unha peza musical sinxela por conxunción de elementos coñecidos, sen que prime unha idea de organización | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| propias posibilidades e nas dos demais, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais. | previamente, coñecidos e ou manexados. | ou extramusicais alleas. | alleas. | manexados. | musical. | |
| | ▪ EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo, tomando iniciativas e asumindo o rol que lle corresponde e axudando ao resto nas tarefas encomendadas. | Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo, tomando iniciativas e asumindo o rol que lle corresponde. | Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo | Non amosa o respecto nin a responsabilidade debida no traballo. | ▪ CSC |
| | ▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | Realiza todo tipo de acompañamentos, cantando á vez que interpreta nas cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | Realiza acompañamentos de dificultade media de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | Non realiza os acompañamentos das obras musicais da propia cultura traballadas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

| 5. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR | | |
|---|---|---|
| **Participación das familias** | **Divulgación social da tarefa** | **Colaboración de recursos externos e comunidade escolar** |
| Control familiar nas procuras guiadas pola rede e na elaboración do programa de man. | Realizarase a gravación do «Festival de fin de curso» e se divulgará a través do *blog* do centro e das redes sociais. | Simultaneidade da unidade coas áreas implicadas.<br>Preparación e adorno do centro (murais alusivos, paneis, fotos antigas...) en relación co centro de interese tratado. |